

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA

**11529** Orde HAC/874/2018, do 30 de xullo, pola que se modifica a Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado.

A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, regula nos seus artigos 130 e seguintes a estrutura da Conta Xeral do Estado, a súa formación pola Intervención Xeral da Administración do Estado, así como a súa posterior remisión ao Tribunal de Contas.

Mediante a Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, regulouse a elaboración da Conta Xeral do Estado, e establecéronse as especialidades que se aplicarán na elaboración da dita conta xeral en relación coas normas sobre consolidación de contas no ámbito do sector público, aprobadas pola Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.

A dita norma supuxo a elaboración da Conta Xeral do Estado como unha conta única consolidada, desde a correspondente ao exercicio 2014.

A disposición transitoria primeira da Orde HAP/1724/2015 establece a aplicación do procedemento de posta en equivalencia modificado para as entidades controladas directa ou indirectamente pola Administración xeral do Estado que non forman parte do sector público estatal, as fundacións do sector público estatal, as entidades multigrupo, asociadas, as entidades de crédito e de seguro e os consorcios a que se refire o artigo 5.3 desta orde nas contas xerais do Estado, durante os exercicios 2014, 2015 e 2016.

Unha vez transcorrido o dito período transitorio, propónse regular, con carácter de permanencia, a aplicación do procedemento de posta en equivalencia modificado para as entidades multigrupo, asociadas, as entidades de crédito e de seguro, tendo en conta o principio de importancia relativa entre a aplicación dun e doutro procedemento, así como o considerable custo que implicaría a utilización da posta en equivalencia sen modificar.

En todo caso, todas as entidades do sector público estatal, entre as que se incluírían os consorcios e fundacións adscritos á Administración xeral do Estado (ou, se for o caso, ás universidades), se integrarían polo método de integración global mesmo cando a porcentaxe de participación fose inferior ao 50 %.

Ademais, nesta norma dáse cumprimento a varias propostas recollidas nos ditames da Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas, en relación coas declaracións sobre a Conta Xeral do Estado correspondente aos exercicios 2013, 2014 e 2015.

En primeiro lugar, régulase a ampliación do contido da memoria da Conta Xeral do Estado e inclúese información sobre a contía de tributos estatais que non foron obxecto de consolidación e a súa motivación, así como información sobre as principais epígrafes de balance, a variación que experimentaron no exercicio e as causas que motivaron a súa variación, cando esta sexa significativa.

En segundo lugar, régulase a formulación pola Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) de contas anuais consolidadas e intégranse nelas as contas anuais dos seus centros asociados.

Por outro lado, co obxecto de clarificar a integración das entidades que en exercicios anteriores se integrasen polo procedemento de posta en equivalencia modificado e que pasen a integrarse polo método de integración global, tomarase como data de primeira consolidación o 1 de xaneiro do exercicio en que se efectúe a súa integración polo método de integración global.

Así, esta orde estrutúrase nun artigo único, unha disposición adicional e unha disposición derradeira.

O artigo único modifica os artigos 5, 7 e 9, así como a disposición adicional única da Orde HAP/1724/2015 pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado.

A disposición adicional establece cando deben aplicarse as modificacións dos distintos puntos do artigo único da orde e sinala que as previstas nos tres primeiros puntos se aplicarán á Conta Xeral do Estado do ano 2017 e seguintes, e a prevista no punto catro se aplicará a partir da Conta Xeral do Estado do exercicio 2018.

A disposición derradeira regula a entrada en vigor da orde.

A aprobación desta orde realízase por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo coas competencias que ao dito centro directivo lle outorga o artigo 124.c) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para determinar o contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de consolidación da Conta Xeral do Estado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado.*

A Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a redacción do artigo 5 «Métodos de integración de contas anuais», que queda redactado como segue:

«1. O método de integración global aplicarase ás entidades do grupo, salvo ás entidades de crédito e de seguros.

2. O procedemento de posta en equivalencia modificado aplicarase ás entidades multigrupo, ás asociadas e ás entidades de crédito e de seguros dependentes.

Este procedemento consiste en realizar o procedemento de posta en equivalencia, é dicir, actualizar o valor do investimento na entidade á porcentaxe de participación no seu patrimonio neto, sen efectuar homoxeneizacións previas nin eliminacións de resultados por operacións internas.

A integración na Conta Xeral do Estado das entidades incluídas por posta en equivalencia nas contas consolidadas de varios grupos empresariais realizarase mediante a integración das contas consolidadas dos citados grupos. Se existe algunha participación adicional no capital das ditas entidades, a integración realizarase mediante o procedemento de posta en equivalencia modificado.

3. A integración na Conta Xeral do Estado de entidades que non teñen o carácter de entidade de crédito pero que se encontren incluídas nas contas consolidadas dunha entidade de crédito realizarase mediante a integración das ditas contas consolidadas.

4. A integración na Conta Xeral do Estado de entidades que realizan actividades distintas das de seguros pero que se encontren incluídas nas contas consolidadas dunha entidade de seguros realizarase mediante a integración das ditas contas consolidadas.»

Dous. Modifícase o artigo 7 «Información que se incluírá na memoria consolidada» da Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 7. *Información que se incluírá na memoria consolidada.*

A memoria da Conta Xeral do Estado subministrará a información prevista na Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, coas seguintes precisións:

a) En relación co número 5. Normas de recoñecemento e valoración, farase referencia unicamente ás normas de recoñecemento e valoración relativas ás partidas específicas que xurdan ao realizar a consolidación da Conta Xeral do Estado pola Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, dado que o resto da información requirida nesta nota se encontra recollida nas memorias das contas anuais de cada unha das entidades integradas na Conta Xeral.

b) En relación co número 6. Axustes e eliminacións, informarase, ademais, da contía das cotizacións sociais a cargo do empregador e dos tributos estatais que non foron obxecto de consolidación e a súa motivación.

c) Substitúense os números 14 a 20 da memoria polo seguinte:

“14. Principais epígrafes do balance.

Presentarase información acerca das principais epígrafes do balance, así como da variación que experimentaron no exercicio. Así mesmo, informarase das principais causas que motivaron a variación, cando esta sexa significativa.”

d) Substitúese o número 21 “Información orzamentaria consolidada” polo seguinte:

“15. Información orzamentaria consolidada.

15.1 Información orzamentaria das entidades cuxo orzamento de gastos ten carácter limitativo.

Presentarase a seguinte información de acordo cos modelos previstos no anexo II da presente orde:

- Modificacións de crédito.
- Obrigacións pendentes de pagamento de orzamentos pechados.
- Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.
- Dereitos para cobrar de orzamentos pechados.
- Dereitos pendentes de cobramento en 31 de decembro de orzamentos pechados. Antigüidade dos saldos.
- Remanente de tesouraría.

15.2 Información orzamentaria das entidades cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo.

Incluirase a liquidación dos orzamentos de explotación e de capital das entidades cuxos orzamentos fosen aprobados pola lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

Esta información presentarase en función do tipo de entidade e de acordo cos modelos previstos na citada lei de orzamentos xerais do Estado, co nivel de agregación que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado.”

e) O número 22 “Outra información que afecte as contas anuais consolidadas” pasa a ser número 16 “Outra información que afecte as contas anuais consolidadas” co mesmo contido.

f) O número 23 “Indicadores financeiros e patrimoniais” pasa a ser número 17 “Indicadores financeiros e patrimoniais” co mesmo contido.

g) O número 24 “Feitos posteriores ao peche” pasa a ser número 19 “Feitos posteriores ao peche” co mesmo contido.

h) Introdúcese o número 18 “Información en termos de contabilidade nacional” seguinte:

“18. Información en termos de contabilidade nacional.

Na Conta Xeral do Estado incluirase información relativa ao resultado obtido pola Administración central e polos fondos de seguridade social en termos de contabilidade nacional, determinado de acordo cos criterios de delimitación institucional e imputación de operacións establecidos no Regulamento (UE) n.º 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea (SEC-2010), e demais normativa comunitaria aplicable, de acordo cos modelos previstos no anexo III desta orde.

A información que hai que incluír coincidirá cos últimos datos de carácter definitivo (que serán os relativos ao exercicio inmediato anterior a que se refire a Conta Xeral) notificados á Comisión Europea en cumprimento das obrigacións impostas aos Estados membros polo procedemento de déficit excesivo regulado no Regulamento (CE) n.º 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, modificado polo Regulamento UE n.º 220/2014 da Comisión, do 7 de maio de 2014.»

Tres. Engádesse un novo número 9 ao artigo 9 «Tratamento de determinadas operacións» da Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado:

«9. Data de primeira consolidación na aplicación do método de integración global. Casos especiais.

Na aplicación por primeira vez do método de integración global a unha entidade dependente, que en exercicios anteriores se integrase polo procedemento de posta en equivalencia modificado, tomarase como data de primeira consolidación o 1 de xaneiro do exercicio en que se efectúe a súa integración polo método de integración global.»

Catro. Modifícase a disposición adicional única da Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional única. *Obrigación de consolidar de determinadas entidades do sector público estatal.*

1. As entidades públicas empresariais e outras entidades do sector público estatal, con excepción das sociedades mercantís estatais, sometidas á normativa mercantil en materia contable que, dominando outras entidades sometidas á dita normativa, formen un grupo de acordo cos criterios previstos nas normas para a formulación de contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, formularán as súas contas anuais consolidadas para efectos da elaboración da Conta Xeral do Estado, conforme os criterios establecidos nas ditas normas.

2. Para efectos da elaboración da Conta Xeral do Estado, a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) formulará contas anuais consolidadas e integrará nelas as contas anuais dos seus centros asociados, conforme os criterios incluídos nesta orde e na Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público.»

Disposición adicional única. *Aplicación da orde.*

Os números un, dous e tres do artigo único desta orde serán aplicables á Conta Xeral do Estado do ano 2017 e seguintes, e o número catro será aplicable á Conta Xeral do Estado do ano 2018 e seguintes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de xullo de 2018.—A ministra de Facenda, María Jesús Montero Cuadrado.